



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Estancias Prácticas II | Código | 653G01210 | |
| Titulación | Grao en Terapia Ocupacional | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde | | | |
| Coordinación | García Crespo, María Vanessa | Correo electrónico | m.v.garcia@udc.es | |
| Profesorado | García Crespo, María Vanessa Mansilla Barreiro, Barbara Rosende Celeiro, Iván de | Correo electrónico | m.v.garcia@udc.es barbara.mansilla.barreiro@udc.es ivan.de.rosende.celeiro@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa observación e a análise dos contornos desde a Terapia Ocupacional e a intervención do terapeuta ocupacional nos mesmos.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Estancias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias deste profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacionais.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A6 | Trabajar en la sociedad con individuos y grupos para fomentar la promoción de la salud, la prevención, la rehabilitación y el tratamiento. |
| A8 | Uso profesional y ético del razonamiento efectivo en todas las partes del proceso de terapia ocupacional. |
| A10 | Adaptar y aplicar el proceso de terapia ocupacional en estrecha colaboración de individuos/población. |
| A11 | Trabajar para facilitar entornos accesibles y adaptados y promover la justicia ocupacional. |
| A12 | Colaborar con comunidades para promover la salud y el bienestar de sus miembros mediante la participación en la ocupación. |
| A17 | Establecer sociedades de colaboración, consultar y aconsejar a clientes, trabajadores sociales, miembros de equipo y otros en la práctica de la ocupación y la participación. |
| A19 | Apreciar y respetar las diferencias individuales, creencias culturales, costumbres y su influencia sobre la ocupación y la participación. |
| B3 | Aplicar un pensamiento crítico, lógico y creativo. |
| B6 | Comportarse con ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional. |
| B7 | Comunicarse de manera efectiva en un entorno de trabajo. |
| B8 | Capacidad de análisis y de síntesis. |
| B9 | Capacidad de aplicar los conocimientos a la práctica. |
| B11 | Capacidad para trabajar en un equipo interdisciplinar. |
| B15 | Capacidad para comunicarse con personas no expertas en la materia. |
| B31 | Apreciación de la diversidad y de la multiculturalidad. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
| | |



| | | | |
|---|-------------------------|-------------------------|----|
| Integración dos coñecementos teóricos previos á práctica relacionados coa accesibilidade, a ergonomía e o deseño universal. Aproximación ao corpo teórico que dá base á intervención de Terapia Ocupacional sobre o contorno: impacto do medio sobre a ocupación humana. | A8 A10 A11 A19 | | |
| Adquisición de destrezas de observación e análise do contorno: identificación das condicións do contorno que actúan como facilitadores ou como obstáculos en relación ás características da poboación e ás demandas da actividade (valoración do equilibrio individuo/ambiente/ocupación). | A8 A11 | B3 B8 B9 | |
| Desenvolvemento do pensamento analítico e crítico aplicado á valoración e ao asesoramento en materia de accesibilidade: planificación da intervención (valoración, plan de mellora/intervención, rexistro), deseño de contornos facilitadores para a autonomía (a nivel individual e colectivo) e elaboración de propostas de asesoramento reais e efectivas. | A6 A8 A11 | B3 B8 B31 | |
| Potenciación de habilidades e rigor técnico para o rexistro da información procedente da intervención: recoñecemento da importancia do rexistro das actividades realizadas, adquisición de rigor técnico na linguaxe empregada na comunicación con outros profesionais e cos usuarios, elaboración de informes técnicos. | A11 | B7 B8 B15 | C1 |
| Desenvolvemento dunha perspectiva social: situar ao alumno nun tipo de intervención no contorno comunitario, promovendo a colaboración con outros profesionais do ámbito do social, facilitando a súa intervención no medio natural do individuo e en definitiva, comprometéndose a promover a xustiza ocupacional. | A11 A12 A17 | B6 B11 B15 B31 | |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Principios teóricos da accesibilidade; accesibilidade, ergonomía e deseño universal. | <ul style="list-style-type: none"> - Conceptos teóricos básicos: concepto europeo de accesibilidade, ergonomía aplicada e deseño para todos. - Accesibilidade vs adaptación funcional. Diferenzas e formas de intervención. - Normativa estatal e autonómica sobre accesibilidade. |
| Observación e análise de factores ambientais | <ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos factores ambientais segundo a CIF: físicos, sociais e actudinais. - Conceptos de contorno, dereitos e problemáticas relacionadas - Métodos de recollida de datos do contorno. |
| Valoración da accesibilidade dos contornos | <ul style="list-style-type: none"> - Principios da observación con fins de avaliación. - Análise do contorno desde unha perspectiva individual e desde unha perspectiva colectiva. - Valoración de contornos específicos baseada nas ocupacións que acollen e ao tipo de individuos que as executan. - Recollida de información procedente da valoración. |
| Deseño de contornos accesibles/universais. | <ul style="list-style-type: none"> - Principios para desenvolver un asesoramento en materia de accesibilidade. - Deseño de adaptacións funcionais do medio. - Deseño de contornos socialmente facilitadores. - Propostas desde a perspectiva da universalidade. |
| Rexistro da información | <ul style="list-style-type: none"> - Criterios para elaborar rexistros das actividades realizadas. - Principios para a realización de informes técnicos en materia de accesibilidade: <ul style="list-style-type: none"> - Comunicación con outros profesionais - Comunicación con usuarios. |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A10 B3 | 6 | 0 | 6 |
| Lecturas | A8 A11 A12 | 2 | 10 | 12 |
| Saídas de campo | A6 A17 A19 B31 | 30 | 30 | 60 |



| | | | | |
|--|---------------------------|-----|----|-----|
| Traballos tutelados | B6 B7 B8 B9 B11 B15 C1 | 15 | 15 | 30 |
| Atención personalizada | | 4.5 | 0 | 4.5 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Traballaranse contidos teóricos necesarios para abordar a intervención práctica e tamén actividades de desenvolvemento do pensamento lóxico dos alumnos e de aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p> |
| Lecturas | <p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se seleccionaron como fonte de profundización nos contidos traballados. As lecturas seleccionadas tratan sobre contidos aplicables á intervención profesional obxecto desta materia.</p> <p>Permite adquirir as competencias xenéricas asignadas a esta materia.</p> |
| Saídas de campo | <p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información e a detección de necesidades susceptibles de intervención.</p> <p>Na materia realizaranse algunhas saídas de campo tuteladas pola docente e outras realizadas polos alumnos de forma autónoma.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguemento desa aprendizaxe polo profesor-titor, polo que consta dunha parte de traballo autónomo do alumno e outra parte de tutorías co profesor.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas asignadas a esta materia.</p> |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|--|---|
| Traballos tutelados Saídas de campo | <p>A atención personalizada planificarase de dúas formas diferentes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Saídas/traballo de campo: o traballo de campo poderá realizarse en dúas modalidades;saídas tuteladas con profesores da materia, ou traballos de campo autónomos con supervisión dos docentes.- Tutorías: en grupos pequenos ou medianos, segundo a distribución de alumnos realizada para a elaboración dos traballos tutelados. <p>A finalidade das saídas de campo e as titorías é apoiar o traballo tutelado que desenvolverán os estudantes, resolver as dúbidas que xurdan na observación directa, establecer criterios para cada fase da actividade tutelada, e valorar a evolución na lóxica do pensamento do estudante.</p> <p>Por tanto, TEÑEN CARÁCTER OBRIGATORIO, e son necesarias para superar a materia.</p> |
|--|---|

| Avaliación | | | |
|---------------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Sesión maxistral | A10 B3 | Valorarase a participación e o interese do estudante durante as sesións maxistras, as intervencións que realice durante as mesmas e a evolución observada na adquisición de coñecementos. Ten CARÁCTER OBRIGATORIO . | 10 |
| Traballos tutelados | B6 B7 B8 B9 B11 B15 C1 | Valorarase a planificación da intervención que desenvolva e argumente o alumno, a capacidade reflexiva e a lóxica do pensamento e os criterios teóricos aplicados a situacións reais e cotiás, o rigor técnico das súas propostas e a coherencia nos seus informes. O seguimento dos traballos tutelados farase durante as titorías personalizadas, a demanda do profesor ou do alumnos. As titorías demandadas polo profesor teñen CARÁCTER OBRIGATORIO . | 50 |
| Saídas de campo | A6 A17 A19 B31 | Valorarase o traballo desenvolvido nas saídas de campo que o estudante realizará de forma autónoma ou tutelada (de xeito individual ou acompañado doutro compoñente da súa parella de traballo), a observación realizada dos contornos, a detección dos condicionantes relevantes para o desempeño, e a capacidade de modificar contornos reais para que faciliten a autonomía. Esta valoración farase nas tutorías personalizadas, que teñen CARÁCTER OBRIGATORIO . | 40 |

Observacións avaliación



A materia de Estancias Prácticas II aborda contidos prácticos tales como a observación e valoración inicial, a planificación da intervención sobre o contorno, e o rexistro da información de todo o proceso. Estes contidos traballaranse en grupo e de forma individual, de forma autónoma e tutelada. Polo tanto, distribúese a materia nun horario de traballo autónomo a realizar polo alumno (de forma individual ou en parella), e nun horario de asistencia á clase cos docentes na materia, no que se abordarán os contidos teóricos, realizarase a práctica planificada, e titorizarase a práctica autónoma do alumno. A avaliación final incluírá tanto o traballo autónomo de campo como o presencial.

Os aspectos e criterios que se terán en consideración ao avaliar as actividades planificadas coa metodoloxía anteriormente proposta son a adquisición de coñecementos teóricos relacionados coa materia, a aplicación deses coñecementos á práctica tutelada, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e crítico aplicado a situacións concretas. Por tanto, existirá unha avaliación continua da evolución observada no alumno, e unha avaliación dos traballos finais obrigatorios para a superación da materia.

O alumno deberá entregar un total de tres traballos finais, cada un deles correspondente á parte de docencia de cada profesor. A data de entrega será debidamente notificada aos alumnos coa suficiente antelación (preferiblemente ao inicio do cuadrimestre):

- Elaboración dun informe de análise dun contorno real, a través da observación e búsqueda de información indirecta.
- Realización dun informe de accesibilidade sobre aspectos puntuais do entorno do Campus de Oza.
- Reflexión argumentada e crítica sobre unha saída de campo ou práctica de avaliación do contorno domiciliario (pendente de planificación durante o cuadrimestre).

A entrega destes tres traballos na data proposta é obrigatoria para a superación da materia.

CUALIFICACIÓN FINAL DO ALUMNO

- A asistencia ao horario presencial de clase é obrigatoria; este é un criterio esixible para superar a materia, non valorable. É OBLIGATORIA A ASISTENCIA A UN 85% DO HORARIO DE CLASE PRESENCIAL, PERMITÍNDOSE A AUSENCIA A UN 15%.

- A cualificación final da materia, sobre 10 puntos, distribuirase como segue:

- a) Informe de análise dun contorno real (profesora Mansilla Barreiro): 3 puntos
- b) Informe de accesibilidade Campus de Oza (profesora García Crespo): 3 puntos
- c) Reflexión crítica da saída de campo / avaliación de entorno domiciliario (profesor De Rosende Celeiro): 3 puntos
- d) Avaliación continua do estudante realizada polos tres profesores (avaliará a iniciativa, interese, participación crítica e evolución na adquisición de competencias da materia do estudante): 1 punto

- Para superar a materia o estudante debe ter presentados os tres documentos esixidos, alcanzada unha cualificación final de 5 puntos e ter cumprido o criterio de asistencia.

- Se o estudante non acada esa cualificación mínima, non ten presentado os tres documentos esixidos na data proposta, ou non ten cumprido o criterio de asistencia mínima obrigatoria, terá dereito a unha proba final escrita que se realizará na data fixada no calendario académico oficial aprobado en Xunta de Facultade.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica dacordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaiñte 9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

Fontes de información

| | |
|----------------------------|--|
| Bibliografía básica | Blanco, RM, Blanco L, Luengo S, Pastor G, Rivero M, Rodríguez MR, Vicente MJ. 2003. Accesibilidade para persoas con cegueira e deficiencia visual. Edita: ONCE. Características da rotulación para persoas con discapacidade visual. Edita: ONCE. Madrid. 2006 Concepto Europeo de Accesibilidade. Edita: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Instituto de Migracións e Servizos Sociais. Centro Estatal de Autonomía Personal e Ayudas Técnicas (CEAPAT). Madrid. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG nº 41 (29 de febreiro de 2000) Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade. DOG nº 241 (17 de decembro de 2014). Organización Mundial da Saúde (2001). Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud (CIF). Ginebra: OMS. |
|----------------------------|--|

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



| |
|--|
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Ergonomía, Accesibilidade, Deseño Universal e Adaptación Funcional/653G01206 |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías